

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A CASA DE ESPAÑA EN RÍO DE JANEIRO, CO FIN DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ALÍ RESIDENTE E PARA O MANTENIMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN RÍO DE JANEIRO, BRASIL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Casa de España en Río de Janeiro (Brasil) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para a atención das necesidades socio asistenciais básicas da cidadanía galega residente en Río de Janeiro que, por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teñan problemas de autonomía persoal, así como manter un punto de información e asesoramento nas instalacións de Casa de España de Río de Janeiro, Brasil, que difunda as actividades e programas que xestiona a Secretaría Xeral da Emigración e colabore na súa execución.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na cidade de Río de Janeiro, Brasil, e na súa área xeográfica reside unha importante colonia galega que, ben sexa pola súa situación de carencia, que deriva nunha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial, ben sexa pola súa relación coa terra de orixe, constitúe un colectivo de persoas potencialmente susceptible de ser beneficiario tanto das actividades que desenvolve a entidade a través do centro social como dos programas e actividades que anualmente leva a cabo a Secretaría Xeral da Emigración.

A Casa de España de Río de Janeiro é unha entidade sen ánimo de lucro. Está rexistrada como centro colaborador no Rexistro da Galeguidade da Secretaría Xeral da Emigración e ten como finalidade servir de vínculo entre os membros da comunidade española co obxectivo de manter o recordo das tradicións, o folclore e a cultura, dun xeito especial a galega ao contar con preto de mil persoas socias de orixe galega, polo que está considerada como unha entidade de especial referencia pola colectividade galega residente en Rio de Janeiro e na súa contorna.

Esta entidade está a desenvolver un importante labor socio-asistencial orientado a facer efectiva a mellora da calidade de vida das persoas anciás pertencentes á colectividade galega a través do mantemento dun centro social de maiores (centro de día), mediante o que executa actividades de rehabilitación e estimulación mental e física, atendido por persoal especializado, do que veñen beneficiándose anualmente



máis de 250 persoas de orixe galega de idade comprendida entre os 65 e os 96 anos.

Por outra banda, esta entidade conta con infraestrutura suficiente para exercer un labor de difusión, información e asesoramento á comunidade galega que alí reside, así como para colaborar na tramitación das solicitudes das persoas interesadas en participar nas convocatorias dos programas e das actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular, que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrència pública, de acordo co disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio á colectividade de emigrantes galegos e galegas que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal e de difundir e promover todas as accións e programas destinados á dita colectividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Emigración

P.S. (Decreto 108/2022, do 16 de xuño)

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais

María Baleato González

